


Le o poema. Agora volve a ler cada unha das estrofas encadradas en verde e explica coas túas palabras o que conta. Por último, fai os exercicios relacionados.


Sabes que dixo a tía Estrella?

- 1 Falaban Antía e Xoán á sombra da laranxeira unha tarde de verán.
- 2 -Sabes que dixo a tía Estrella? Que ten a cidade unha praza onde colle a vila enteira!
- 3 -Ti non cres que esaxerou? A cidade non é xigante, non hai praza semellante!
- 4 -E dixo que os rañaceos lles fan cóxegas ás nubes aló no alto do ceo!
- 5 -Debe de estar tola! Que barbaridade... (Contouche unha boa troia!)
- 6 -Pode ser que esaxerase... Temos que ir alí un día e pescudar a verdade.




-Os dous xuntos? Máis non se fale!

1 Arrodea os personaxes que interveñen na conversa anterior.



Antía




A tía Estrella



Xoán

2 Marca. Onde se atopaban os rapaces se estaban á sombra da laranxeira?




Debaixo da laranxeira.




Enriba da laranxeira.

3 Relaciona cada palabra da lectura co seu significado.

rañaceos

Aquilo que se presenta como certo, pero é falso.

barbaridade

Investigar para chegar a saber algo.

trola


Dito sen sentido, contrario á razón.

pescudar

Edificio que alcanza unha grande altura.

4 Que cres que quere dicir a oración Os rañaceos fanlles cóxegas ás nubes? Arrodea a opción adecuada.

- Os rañaceos son tan altos que parecen chegar ás nubes.
- Os rañaceos móvense co vento e por iso fanlles cóxegas ás nubes.



5 Escribe a carón de cada afirmación se é verdadeira ou falsa.

- 1 Unha mañá de primavera, Xoán e Antía faláron sobre a cidade. >
- 2 Xoán explicoulle a Antía o que a tía Estrella lle contara sobre a cidade. >
- 3 A tía Estrella dixo que nunha praza da aldea collía a cidade enteira. >
- 4 Antía pensaba que o que contaba Estrella da cidade era certo. >
- 5 Xoán cría que quizais a tía Estrella esaxerara ao falar da cidade. >

1  
2, 3, 4  
2, 5  
6